

## ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN

En A Coruña, a 7 de novembro de 2017

### **REUNIDOS:**

D./Dna. Óscar Martínez Montero, maior de idade e con DNI nº 32.715.790-S.

D./Dna. Manuel Álvarez Esmorís, maior de idade e con DNI nº 32.801.508-N.

### **INTERVEÑEN:**

O primeiro, en nome e representación da ENTIDADE<sup>1</sup> Silva Sociedad Deportiva, con CIF G15100191, domicilio en Avenida Galileo Galilei e que figura inscrita en RECMAC co número 605, da que ocupa o cargo de Vicepresidente 2º · Xerente.

E o segundo, en nome e representación da entidade<sup>2</sup> Asociación Down Coruña, con CIF G15731466, domicilio en Avenida Pedralonga, S/N – 15009 La Coruña e que figura inscrita en REMAC co número 458, da que ocupa o cargo de Presidente.

Ambas partes recoñécense mutua e reciprocamente capacidade e lexitimación suficientes para subscribir este acordo de colaboración.

### **EXPOÑEN:**

I.- Que a ENTIDADE Silva Sociedad Deportiva subscribiu un convenio de colaboración coa Fundación EMALCSA, con CIF G-70.323.688, para, entre outras finalidades, favorecer o uso do deporte como instrumento de inclusión e intervención social no marco do proxecto social denominado Integración no eido do deporte.

---

1

<sup>1</sup> ENTIDADE (en maiúsculas): Refírese á entidade que firmou coa Fundación EMALCSA o convenio de colaboración.

2

<sup>1</sup> entidade (en minúsculas): Refírese á entidade / colectivo que participará nas actividades do proxecto social.



A finalidade do proxecto social é a de favorecer a integración de persoas con discapacidade na realización de actividades relacionadas coa organización e práctica deportiva nos equipos que o Silva Sociedad Deportiva presenta a competir.

As actividades básicas de dito proxecto social son as seguintes:

- Colaboración coa organización dos diferentes eventos deportivos que o clube Silva Sociedad Deportiva organiza nos partidos federados, integrando nos seus corpos técnicos e de loxística.

II.- Que as entidades aquí representadas desexan colaborar mutuamente nas actividades do proxecto social referido, materializándose tal colaboración neste acordo, que se rexe por as seguintes

#### **CLÁUSULAS:**

**PRIMEIRA.-** A ENTIDADE Silva Sociedad Deportiva e a entidade Dow Coruña colaborarán para favorecer o uso do deporte como instrumento de inclusión e intervención social a través do proxecto social denominado Integración do eido do deporte.

**SEGUNDA.-** A colaboración fundaméntase no desenvolvemento das seguintes actividades: Colaboración coa organización dos diferentes eventos deportivos que o clube Silva Sociedad Deportiva organiza nos partidos federados, integrando nos seus corpos técnicos e de loxística..

**TERCEIRA.-** A entidade Down Coruña comprométese a informar á ENTIDADE Silva Sociedad Deportiva das persoas que participarán nas actividades do proxecto social, notificándolle calquera circunstancia a ter en conta respecto ás mesmas aos efectos do desenvolvemento das actividades.

A entidade Down Coruña garante que as persoas que participarán no proxecto social contan cos permisos necesarios para o desenvolvemento das actividades.

A entidade Silva Sociedad Deportiva farase cargo do traslado e recollida das persoas que participen no proxecto social ás instalacións situadas en Galileo Galilei 12, 15008 A Coruña,





onde se realizarán as actividades, e da súa vixilancia durante o tempo de desenvolvemento de tales actividades.

**CUARTA.-** A ENTIDADE Silva Sociedad Deportiva poñerá a disposición das persoas que participen no proxecto social o persoal, equipamento e material necesario para que poidan desenvolver de forma normal as actividades obxecto do presente acordo.

**QUINTA.-** Adoptaranse ademais as seguintes cautelas para o desenvolvemento das actividades: Colaboración coa organización dos diferentes eventos deportivos que o clube Silva Sociedad Deportiva organiza nos partidos federados, integrando nos seus corpos técnicos e de loxística: supervisión e colaboración para o bo desenvolvemento do fin.

**SEXTA.-** O presente acordo de colaboración ten vixencia desde a data da súa firma hasta o 30 de xuño de 2018.

**SÉPTIMA.-** Á finalización das actividades obxecto do presente acordo, as partes subscribirán un informe no que se detallarán as actividades desenvolvidas, número de participantes nas mesmas, obxectivos alcanzados e cantos outros extremos se consideren de interese.

**OITAVA.-** As colaboracións derivadas deste Acordo Marco quedarán sometidas ao establecido polos estatutos e normas de ambas entidades e o contido do presente acordo, tendo en conta a natureza das actividades que se vaian a realizar.

**NOVENA.-** As partes, renunciando a calquera foro ou xurisdición que puidera corresponderlles, someten as diferenzas que poidan xurdir sobre a interpretación e execución do presente acordo aos Xulgados e Tribunais do municipio de A Coruña.

E en proba de conformidade, firman por duplicado o presente acordo de colaboración no lugar e data xa indicados.

Pola ENTIDADE Silva Sociedad Deportiva,

Pola entidade Down Coruña,

Fdo.: [.....].



Fdo.: Manuel Álvarez Esmorís.